

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	VIGO
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santiago de Bembibre.
<b>Dirección</b>	Rúa da Igrexa, 22. Mosteiro. 36313
	42.203905 -8.686775
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa de estilo románico de transición construída hacia finais do século XII-principios do XIII.</p> <p>Consta dunha soa nave e ábsida decagonal, de forma semicircular por dentro e pentagonal por fora. A nave está dividida en tramos por dous arcos transversais apoiados sobre semicolumnas adosadas. O arco triunfal é de directriz apuntada ao igual que o secundario e ambos apoian sobre semicolumnas. O presbiterio cúbrese con bóveda de canón mentras o polígono no que termina a ábsida o fai con bóveda de cascarón.</p> <p>O templo posúe 2 portas laterais (unha de elas tapiada) e unha na fachada principal, de arquivoltas lixeiramente apuntadas sobre columnas acodilladas nas xambas. A meridional é adintelada e nela destacan os restos dunha figura gravada na pedra onde se representa un animal enredándose sobre unhas ramas. A septentrional atópase sobre una portada ben elaborada gardada por dúas columnas lisas e engalanadas con dous capiteles, un de ramas entrelazadas e outra con follas en forma de espiral. Estas sosteñen un arco apuntado dunha reforma gótica. Sen embargo aínda se poden apreciar os pequenos bloques adosados en época posterior que utilizaron para formar os arcos apuntados. A porta principal está formada por dous pares de columnas, as do exterior lisas e as interiores son entorchadas con capiteis de figuras animais e vegetais.</p> <p>Tamén conserva un variado repertorio de canzorros que representan figuras antropomorfas e vegetais. Entre algúns dos canzorros se aprecian hexafolios dentro dun círculo con botón central.</p> <p>No interior podemos ver 3 tramos divididos por semicolumnas adosadas con capiteis vexetais, fuste liso y basa de perfil ático, un arco triunfal apuntado rodeado de arquivoltas decoradas con rosetas e follas lanceoladas. O tramo recto está cuberto por unha bóveda de medio canón lixeiramente apuntada, mentras que a ábsida posúe bóveda de cuarto de esfera.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	CARRERA, Anxo & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)

**Data**

02-12-2025

**Campás actuais**

<b>Localización</b>	<b>Campá</b>	<b>Fundidor</b>	<b>Ano de fundición</b>	<b>Diámetro (en cm)</b>	<b>Peso</b>
Espadana	<a href="#"><u>Menor.</u></a>	<a href="#"><u>PELLÓN (SAN BREIXO DE ARCOS)</u></a>	1846	65	159
Espadana	<a href="#"><u>Maior.</u></a>	<a href="#"><u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u></a>	1940	90	422

Información completa: [Igrexa de Santiago de Bembibre. - VIGO \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)